



Un exemplar singular de *En las orillas del Sar* no Museo de Pontevedra



O 15 de xullo de 1885 falecía en Padrón (A Coruña) Rosalía de Castro, a poeta galega máis importante. A súa obra poética, escrita en galego e en castelán, está recollida en tres libros: *Cantares Galegos*, *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*. Este último, concibido totalmente en castelán, foi publicado en Madrid polo Establecemento tipográfico de Ricardo Fé en 1884, un ano antes do seu óbito.

A biblioteca do Museo de Pontevedra, tan rica en fondos bibliográficos de autores galegos, conserva primeiras edicións da maioría das obras de Rosalía, mesmo algunhas de gran rareza, como o *Álbum del Miño* aparecido en 1858, que inclúe composicións da autora. Pero é un exemplar singular, unha primeira edición de *En las Orillas del Sar* con firma e anotacións autógrafas de Rosalía, o que queremos salientar para conmemorar o 130 aniversario da súa morte.




O libro chegou á biblioteca da man de Francisco Javier Sánchez Cantón, un intelectual pontevedrés que sempre estivo vinculado ó Museo de Pontevedra, non só polo feito de que participou na súa fundación, senón porque toda a súa vida mantivo unha estreita colaboración con el. Á súa morte, acaecida en 1971, a súa biblioteca e arquivo persoal

pasaron a formar parte dos fondos do Museo, cumprindo con iso os seus desexos, expresados no seu testamento.

O exemplar que nos ocupa está encadernado en rústica e consta de 159 páxinas. Foi asentado no libro de rexistro co nº. 28.918.

A súa singularidade confírela o feito de que na páxina 53 conserva unhas anotacións do puño e letra de Rosalía, "Album- mis hijos", como dando título ós versos que empezan: "*En su cárcel de espinos y rosas...*" Na páxina 54, a súa firma autógrafa aparece ó final do poema. Outras dúas páxinas: a 99 que contén a poesía "*En los ecos del órgano o en el rumor del viento...*", e a 141, que inclúe a titulada "*Las campanas*", presentan tamén marcas realizadas pola autora.



Cando abrimos o libro, atopámonos na contraportada dúas achegas do novo propietario, a primeira é un escrito que reproducimos: «La cabeza de las p. 53, la firma de la 54 y las señales de las pp. 99 y 141 son autógrafas. Probablemente, este ejemplar fue remitido por Rosalía a alguna revista para que se reprodujesen las tres composiciones marcadas. Madrid, 7 -III- 1938 [Firmado] S.C.»

54


—¡ Todos parten! exclaman, — tan solo,
Tan solo nosotros nos quedamos siempre!
¿ Por qué quedar madre, por qué no llevarnos
Donde hay otro cielo, otro aire, otras gentes?

Yo en tanto bañados mis ojos, les miro
Y guardo silencio, pensando:—En la tierra
Adonde llevaros, mis pobres cautivos,
Que no hayan de ataros las mismas cadenas?
Del hombre, enemigo del hombre, no puede
Libraros, mis ángeles, la egida materna.

Rosalía Castro de Murguía



A segunda é un selo pegado que representa o Apóstolo Santiago do parteluz do Pórtico da Gloria que na catedral compostelá esculpiu o Mestre Mateo. Leva a lenda "Francisco Xavier Sánchez Cantón". É o seu exlibris ou marca de propiedade, da autoría do que foi o seu grande amigo, Castelao.



A primeira recensión deste exemplar aparece publicada no ano 1949 en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, polo propio Sánchez Cantón, como complemento a unha subsección denominada "Escritos no coleccionados de Rosalía", que xorde pola idea dalgúns membros

do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, entre eles o propio Sánchez Cantón, de ir publicando aquelas obras esquecidas ou descoñecidas da poetisa. O novo propietario conta como a comprou no menos surtido dos postos do Botánico —Refírese a unha especie de feira permanente do libro antigo— e por suma irrisoria: «Estaba en rústica y casi todo él sin abrir. Aunque revelaban manoseo las paginas 52-54 —Incluso con una mancha grande de grasa—. En las páginas 53-54 está la composición a la que me refiero titulada y firmada de la mano de la autora.

La explicación de esta circunstancia me parece sencilla e indubitable. El ejemplar se remitiría por Rosalía a alguna revista o a algún almanaque con la idea, tan al uso en tiempo aquel, de que se reprodujese la poesía señalada. En la imprenta se sobaría y se mancharía entre las cajas al componerla.



8

LAS CAMPANAS


Yo las amo, yo las oigo
 Cual oigo el rumor del viento,
 El murmurar de la fuente
 O el balido del cordero.

Como los pájaros, ellas
 Tan pronto asoma en los cielos
 El primer rayo del alba;
 Le saludan con sus ecos.

Y en sus notas, que van repitiéndose
 Por los llanos y los cerros,
 Hay algo de candoroso,
 De apacible y de halagüeño.

Si por siempre enmudecieran,
 ¡Qué tristeza en el aire y el cielo!
 ¡Qué silencio en las iglesias!
 ¡Qué extrañeza entre los muertos!

Acaso vaciló la escritora al elegir la poesía, pues marcó con rasgo caligráfico las de las páginas 99: *En los ecos del órgano* o en el rumor del viento... y 141, que lleva por título *Las campanas*».



Máis tarde, en 1964, Xesús Alonso Montero, como editor literario da primeira edición de *En las orillas del Sar*, fai mención a este exemplar. Tamén aparece recollida a referencia na bibliografía que sobre Rosalía publicaron en tres volumes Aurora López e Andrés Pociña, entre 1991 e 1993

Sobre a base dos estudos que se publicaron polos especialistas na creación literaria da escritora, estes poemas forman parte dunha obra que ten unha formulación insólita na

poesía española de entón: a desesperanza e a infelicidade como condicións humanas, que adianta a problemática do século XX que logo encontraremos en Unamuno e Machado.

En las orillas del Sar é unha das mellores obras románticas escritas en castelán. Pero ó escribirla, Rosalía, ó igual que Bécquer, abandona a pompa aparatosa para concentrarse no subxectivismo máis puro e a expresión máis auténtica do eu poeta. Claridade e intimismo, fronte á intención social de obras anteriores, como vemos na poesía marcada da páx. 99 "En los ecos del órgano..." na que Rosalía nos fala da busca de algo descoñecido, dun ser que ó final denomina como "felicidade".

100

II


Yo no sé lo que busco eternamente
 En la tierra, en el aire y en el cielo,
 Yo no sé lo que busco, pero es algo
 Que perdí no se cuando y que no encuentro,
 Aun cuando sueñe que invisible habita
 En todo cuanto toco y cuanto veo.

Felicidad, no he volver á hallarte
 En la tierra, en el aire, ni en el cielo,
 ¡Aun cuando sé que existes
 Y no eres vano sueño!



É unha poesía existencial que ten como tema a vida humana e a súa falta de sentido e que nalgúns aspectos se adianta á filosofía do absurdo.

Desde o punto de vista formal o libro presenta moitas novidades e adianta caracteres que preludian a poesía contemporánea. É o emprego da asonancia métrica e ritmos e combinacións orixinais, que anticipan a reforma modernista. Neste sentido, Enrique Díaz Canedo, denominou a autora "precursora " polo emprego dunha linguaxe natural, parca de figuras, e sen artificios literarios, aínda que nela non teñamos que ver a unha poeta cerebralmente empeñada en crear formas e ritmos novos, senón que ese uso da linguaxe natural lévaa a crear as formas que os seus contidos reclaman. É o caso do poema da páxina 53, "*En su cárcel de espinos y rosas*", no que combina versos de dez e doce sílabas, e que segundo Mariña Mayoral, anuncian o verso libre.



Ana Barbazán Iglesias

Bibliotecaria. Museo de Pontevedra

Bibliografía

Bouza Brey, F., “Manuel Barros, escritor emigrado, amigo de Rosalía, y los orígenes del libro *En las orillas del Sar*”, *Cuadernos de estudios Gallegos*, XVI. fasc. 49, Santiago de Compostela, 1961, p. 218- 239

Castro, Rosalía de, *En las Orillas del Sar*, edición, prólogo e notas de J. Alonso Montero, Salamanca, Anaya, 1964

Castro, Rosalía de, *En las Orillas del Sar*, edición, introducción e notas de Marina Mayoral, Madrid, Castalia, 1978

Castro, Rosalía de, *En las Orillas del Sar: poesías*, Madrid, Establecimiento tipográfico de Fernando Fé, 1884.

Naya Pérez, Juan, *Inéditos de Rosalía*, Santiago de Compostela , Ediciones Monterrey, 1953, publicacións do Patronato Rosalía de Castro.

“Retrato de Rosalía de Castro por Carlos Sobrino”, *Las mejores poesías de Rosalía de Castro*: prólogo, traducción e selección de Casas, Augusto, Barcelona, ediciones Gloria, 1946, p. 4.

López, Aurora, Pociña, Andrés, *Rosalía de Castro: Documentación biográfica y bibliografía crítica: 1837-1990*, coa colaboración de María Jesús Páramo López, Andrés Pociña López, César-Augusto Pociña López, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1991-1993

Sánchez Cantón, Francisco Javier, “Un autógrafo de Rosalia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XII, Santiago de Compostela, 1949, p. 123-126 (inclúe a reprodución facsímile das p. 53-54 da primeira edición).